

Os Ancares é unha zona que merece a pena coñecer, seguramente carece de servizos e recursos necesarios para ser un centro de atención turística importante pero, en troques, mantén a maxia do auténtico e podemos descubrir a natureza en estado puro a carón de interesantes vestixios culturais e unha gastronomía de excelente calidade.

Para o que queira vir a Ancares de vagar, durante uns días, e profundar no coñecemento da serra e dos seus arredores van estes retazos informativos que ampliaremos gustosos persoalmente. As rutas que propoñemos son a modo de exemplo pero hai moitas outras posibilidades e outros percorridos que se poden adaptar aos desexos de cada viaxeiro.

Hai que asegurarse ben da ruta preguntando nos lugares cando teñamos dúbidas porque os percorridos son longos e as sinalizacións escasas.

1) Para os que prefiran rutas en coche, para ter unha primeira idea da serra, para días que ameacen chuvia... :

RUTAS CURTAS (ata 70 Kms):

- **Piornedo- Balouta – Rao - Coro de Rao- Murias-Pandozarco- Piornedo**

Distancia aproximada: 30 Km.

Está pensada para facela nunha mañá ou nunha tarde, para combinala con algunha andaina curta ou coa comida nalgún dos lugares polos que se pasa.

Saímos de Piornedo en dirección león (coller á dereita por debaixo da fonte). A primeira parada é Suarbol Ten unha igrexa románica interesante a algúns recunchos fermosos.

Continuamos subindo, pasamos a campa da Cespedosa e vemos o indicador de Balouta. Se está o día claro antes de coller cara a Balouta achegámonos ata o Pico do Porto (a uns 500 metros dirección Ponferrada) para admirar as vistas dos vales de Ancares, Balouta e Suarbol e dispois regresamos ao cruce de Balouta.

Balouta tamén merece unha parada, se cadra se pode visitar algunha palloza e está o Centro de Turismo Rural, nos chamámoslle casa de Alexo, que prepara embutidos de calidade e ten unhas fotografías nas que se pode admirar como era o pobo hai anos.

Continuamos baixando cara ó Val de Rao, admirando a paisaxe, ata chegar ao indicador de Coro de Rao, onde volvemos parar.

Podemos deixar o coche á entrada porque os camiños non son moi anchos e vamos dando un paseo, recentemente amañaron os camiños, puxeron o alumado público e hoxe é un dos pobos da serra que merece a pena visitar e mesmo de tomar algo de vagar no Barullo.

Volvemos ao coche e desandamos camiño ata Murias de Rao, onde remata o pobo deixamos a estrada a collemos outro enlace á dereita que nos vai levar ata Pandozarco.

Polo camiño imos admirando a Pena de Murias (se temos sorte alguén nos pode contar algunha lenda que teña que ver coa pena, a tradición oral popular é moi rica pero está a desaparecer coa xente maior).

Pandozarco era a alzada de Murias, no que vivían parte das familias durante o verán...tiña pallozas, que foron desaparecendo, pero continúa estando situado nun lugar incomparable.

Seguimos subindo ata chegar á estrada de Suarbol (pola que viñemos antes) e emprendemos o regreso, cara a Piornedo.

- **Piornedo-Donís-Igrexa de Donís- Vilar-Sete Carballos-Campa da Braña-Albergue-Piornedo**

Distancia aproximada: 45 Kms.

Collemos a estrada de Cervantes, no fondo do lugar á esquerda, , pasamos por diante do Hotel Piornedo e en Donís, despois de pasar a casa de Naipes, torcemos á dereita para meternos polo medio do pobo. En Donís podemos admirar o escudo brasonado da casa da Casoa, relacionado coa liñaxe dos Grajal, Alcañices e outras familias que ostentaron o señorío destas terras.

A primeira parada é para a igrexa románica de San Fiz, unha auténtica catedral na montaña, recentemente restaurada (se temos sorte e hai algunha misa podemos admirar as pinturas murais do século XVI, ademais da sobriedade da construción). Continuamos baixando e chegamos ás Pontes de Xantes, onde estaba a aceña (a primeira construción á dereita, aínda moi ben conservada), este lugar era un gran polo de atracción durante boa parte do século XX pois todos os veciños da parroquia baixaban moer aquí. Ata fai pouco tempo os veciños desta casa obtiñan a electricidade mediante un dínamo.

Unha das pontes que lle da nome ao lugar tamén é de tipoloxía romana, quedou algo enterrada ao facer a nova estrada pero pódese apreciar a solidez da construción e o arco de medio punto.

Collemos a carreteira e empezamos a subir cara a Vilar, no primeiro cruce torcemos á dereita e despois á esquerda. Podemos facer algunha parada nalgún pueblin e, para facer fotos, na Serra de Vilar. Despois seguimos ata Sete Carballos e de alí, á esquerda, cara á Campa da Braña.

Desde a Campa da Braña collemos á dereita para ir a Tres Obispos, antes ou despois debemos facer unha parada nos mesóns da Campa da Braña.

O da dereita, o mesón Campa da Braña está reventado por unha parella que se veu instalar á serra fai uns anos; A charla afable de Pedro que logo se fai amigo de todos e a cociña de Mariló son xa un referente na zona.

Na campa do Fieiró atopamos o Albergue do Clube Ancares, tamén merece unha parada e as vistas desde o comedor son impresionantes. Cómpre visitar a aula da natureza que nos ofrece información sobre a flora e fauna da zona, a cal conta coas declaracións de zona LIC da Rede Natura e Reserva da Biosfera ademais de ser Reserva Nacional de Caza.

Se alguén quere combinar o paseo en coche cunha andaina pode optar por o Pico de Tres Obispos, ou Brego e cabana Vella: o primeiro seguindo a pista ata o remate e despois unha senta ben marcada, e o segundo collendo o primeiro desvío da pista á

dereita (para chegar a Brego pásase por Cabana Vella, onde hai unhas construcións abandonadas).

Para rematar volvemos a baixar á Campa da Braña e collemos á dereita cara a Piornedo.

Piornedo - Balouta - Coro de Rao – Navia –Villarpandin -Corneantes-Piornedo

Esta vez tamen torcemos no fondo do lugar á dereita, cara a León, pasamos por Suarbol e, ó chegar ó Alto da Cespedosa, collemos cara a Balouta. Antes do cruce de balouta, se está bo día, debemos andar uns 500 metros cara a Ponferrada para ver o Pico do Porto e dende alí admirar os vales de Ancares, Balouta e Suarbol.

En Balouta cómpre parar un pouco, dar un paseo polo lugar, visitar algunha palloza...Despois continuamos pola estrada cara á parroquia de Rao e visitamos Coro unha aldea que foi restaurada recentemente e non presenta eses contrastes visuais que afean a maior parte das da serra.

Despois continuamos ata Navia de Suarna que foi unha vila importante durante moitas décadas pola súa feira de gando. A feira aínda se celebra, os días 29 e o segundo domingo de cada mes, agora xa case non se vende gando pero convén parar a comer o polbo: collese unha mesa, o establecemento sérvenos o pan e o viño e temos que facer cola para mercar o polbo a carón da pota.

Volvemos por Virígo, Villarpandín e Acebedo. nalgúns destes lugares había casas grandes, a mais importante é o Pazo de Virígo que continúa habitado e con explotación agropecuaria pero hoxe presenta un aspecto de bastante abandono no seu contorno.

Tamén se pode volver por Freixis (coller a estrada de Becerrea e torcer á esquerda despois da gasoleira) e por Vilaverde, onde da gusto ver tantas vacas dunha explotación en cooperativa dos veciños.

Seguimos ata Silvouta, e despois ata a campa de labiadas onde torcemos á dereita e pasamos por mais pobos nos que podemos facer algunha paradiña como Vilaquinte, Corneantes, Castelo, Donís...

Piornedo- Corneantes- Quindous- Castro de cervantes – Castelo de Cais - San Román – Piornedo.

No fondo do lugar collemos cara a Lugo e, antes de Donís (a uns 2 km.), torcemos á dereita, en dirección Navia de Suarna. Pasamos a carón de varios lugares como Moreira ou Castelo, atravesamos Corneantes e, ao pouco, collemos a estrada da esquerda que vai a Quindous.

En Quindous temos que ver a torre fortaleza que pertenceu á dinastía dos señores de Quindós. Esta impresionante torre estivo habitada ata os anos setenta, mais tarde foi vendido pero segue sendo propiedade privada e non se pode visitar o seu interior. Continuamos o noso camiño ata que atopamos un desvío, á man esquerda hacia san Román, e posteriormente os sinais do Castro de Cervantes. Ao pouco tempo xa

podemos ver o castro, situado nun pequeno montículo visible dende todos os lugares da rodeada. O que mais destaca dende lonxe é a igrexa, da parroquia do Castro, que se construíu no mesmo emprazamento para cristianizar o lugar.

O castro foi escavado parcialmente, estivo habitado durante os séculos I e II da nosa era por mineiros especializados na extracción aurífera, polo que difire bastante dos asentamentos da cultura tipicamente castrexa.

Deixamos o castro e seguimos pola estrada no mesmo sentido que traíamos, pasamos por lugares como Villaluz, Río de Castro e Castelo de Cais (este lugar co afán castelanizador do antigo réxime chegou a chamarse castillo de perros) e enlazamos en San Roman coa estrada que vai a Piornedo pasando pola Campa da Braña.

Podemos volver directamente pola Campa da Braña ou dar un rodeo por Vilanova (sinalizado, á man dereita) e por Ponte de Doiras. Tamén podemos coller, en sete Carballos á esquerda e vir pola Serra de vilar e pola igrexa de Donís, hai boas vistas pero un cacho continua sen asfaltar.

RUTAS LONGAS (mais de 100 Kms). Para días longos de primaveira

. Piornedo-Campa da Braña-Doiras-Vilarello da Igrexa-Balboa-Canteixeira- Villafranca- Pinferrada ou Cacabelos -Vega de Espinareda-Piornedo

Distancia aproximada: 140 km.

No fondo do lugar collemos cara a Lugo, á esquerda, pasamos por campa da Braña, onde podemos parar a estirar as pernas.

A primeira parada da ruta recomendámola en Doiras, para admirar o castelo, sólida fortaleza que pertenceu ao marques de Alcañices, señor de Cervantes, e continúa sendo privado, está bastante ben conservado e alterna períodos nos que permanece pechado con outros nos que está totalmente franco, facilitando así o acceso aos visitantes respectuosos pero tamén aos vándalos de todo tipo e condición.

En Doiras collemos á esquerda, cara a Villafranca, e seguimos admirando a paisaxe ao pé do río, torcemos mais tarde á dereita para visitar Vilarello da Igrexa.

Segundo algúns investigadores da vida e obra de Miguel de Cervantes, Vilarello (no que se atopa aínda a casa co escudo dos Saavedra) e o cércano San Miguel puideron ter sido o berce da súa liñaxe.

Trala parada en Vilarello volvemos á estrada e seguimos cara a Ámbasmestas, pasando polo Portelo.

Antes de chegar a Ámbasmestas torcemos á esquerda e, despois duns 4 quilómetros chegamos a Balboa. Balboa é un concello pequeno, con interesantes iniciativas orientadas ao turismo, á conservación do patrimonio e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes. Hai varias pallozas construídas de novo (a de Chis, a de Balboa), dedicadas á hostalería e nas que organizan festas e concertos nocturnos en días

sinalados e abren os fines de semana como bares de copas. Entre todas destacamos a de Canteixeira (nun pobo situado a uns 3 quilómetros de balboa) que foi levantada aproveitando as paredes dunha palloza de antano e mantén mellor que o resto aquel encanto.

Tamén convén coñecer *la casa de las gentes*, unha especie de centro social, decorado baixo a dirección de Domingo de Canteixeira, que nos sorprenderá ao igual que moitos dos traballos feitos na zona (nas pallozas, nos bares...)

Se é pola tardiña ou á noite, aparte das pallozas mencionadas temos algún sitio mais para tomar algo e tomarlle o pulso a esta parte leonesa da serra como *El molino del agua* (entre Balboa e Ámbasmestas, á esquerda). Tamén podemos parar en Ámbasmestas na fábrica Vegadarte e probar os queixos de cabra, de distintas variedades, e unhas riquísimas tortas de queixo e castañas.

Continuamos ata Villafranca, orgullosa vila medieval moi ben conservada, con castelo, fermosa praza e rúas con encanto polas que camiñar de vagar.

Despois do paseo por Villafranca encamiñámonos cara a Ponferrada, que conta coas ruínas dun inmenso castelo templario. Preto de Ponferrada, para quen queira, hai lugares dignos de visitar como son As Médulas, Peñalba de Santiago e o Valle do Silencio, a Ferrería de Compludo... (información na oficina de turismo).

Outra posibilidade, en vez de ir a Ponferrada é visitar Cacabelos (sinalizado na nacional ou na autoestrada) e dende Cacabelos dirixirse a Vega de Espinareda.

Salimos de Ponferrada, cara a Vega de Espinareda, pola estrada LE 711. Podemos facer algunha parada nos lugares polos que vamos pasando; Os pobos do Bierzo teñen un encanto especial, son mais grandes no val que na montaña, teñen casas con corredores, igrexas grandes e fermosas prazas nas que a xente pasa o tempo charlando. Cando empezamos a subir cara ao Val de Ancares imos atopando pobos algo mais pequenos pero moi fermosos: Candín Teixedo...que teñen, ao igual que a parte galega o problemas pola baixa densidade e o envellecemento da poboación.

Volvemos a chegar a Piornedo polo lado contrario ao que marchamos despois de pasar polo porto de Ancares e polo lugar de Suarbol.

. Piornedo - Porto de Ancares - Vega de Espinareda – Burbia -Campo del Agua - Villafranca - Doiras - Campa da Braña - Piornedo.

Distancia aproximada: 130 Km.

Saímos de Piornedo, no sentido contrario que na ruta anterior, cara a León (no fondo do pobo á dereita).

Facemos a primeira parada en Suarbol, para ver a igrexa románica, pasear tranquilamente por algúns camiños, buscar a casa de Cadenas ...

A seguinte parada é no Porto de Ancares para ver os vales de Ancares, Suarbol e Balouta, se hai neve este é un bo sitio para gozar dela sen ter que andar moito.

Imos baixando polo Val de Ancares, os pobos son mais grandes que os que deixamos atrás, podemos parar a botarlle unha mirada a algún como Candín ou Teixedo, empezamos a ver a arquitectura propia do Bierzo (as igrexas son mais grandes con agradables praciñas, as casas provistas de grandes galerías...)

En Vega de Espinareda collemos cara a Burbia, despois da ponte á man dereita, e pasamos por lugares como o Valle de Finolledo. Burbia era un pobo moi grande, tiña moitas pallozas (algo mais pequenas que as de Piornedo) pero agora nun queda case ningunha. Para facer rutas andando Burbia ten montes interesantes, con lagoas glaciares, pequenos bosques e unha delas pode ser a volta ata Piornedo seguindo a senda dos veciños que ían á feira do Espín. Dende Burbia recomendamos ir a Campo del Agua pero a estrada non está asfaltada; Cómpre informarse se pasan ben os turismos e, de non ser así, teremos que volver polo mesmo camiño ata Vega de Espinareda e ir a Campo del Agua por Villafranca. Campo del Agua era a Alzada de Aira da Pedra (un pobo do concello de Villafranca), unha alzada é un pobo que utilizaban os veciños para pasar os veráns coas súas facendas nas brañas mais apartadas e, no inverno, volvían a latitudes mais baixas. Polo ano 1985 realizaron unha restauración integral de Campo del Agua, recuperando todas as pallozas (ó ser unha alzada case nun tiña casas de lousa) e era impresionante velo. Desgraciadamente ao pouco tempo ardeu case todo o pobo e, mais tarde, algúns veciños amañaron as casas pero sen respectar a súa tipoloxía orixinal. Hoxe en Campo del Agua quedan poucas pallozas pero polo emprazamento do lugar, nunha chancela, segue sendo un sitio de interese da serra. Saímos de Campo del Agua cara a Villafranca e volvemos por Doiras facendo o percorrido contrario da ruta anterior.

. Piornedo – Fabero - Castro de Chano - Guimara (Valle de Fornela).

Saímos de Piornedo, como no caso anterior cara a León, en Vega de Espinareda tiramos cara ao val de Fornela, por Fabero.

En Fornela visitamos o castro de Chano, que data da época romana e, ao igual que o de Cervantes, foi construído, segundo se descubriu nas escavacións, para aloxar aos obreiros especializados na extracción de ouro das montañas derredor. Algunhas das vivendas escavadas teñen paredes moi altas e apreciase que tiñan dous pisos.

No val de Fornela nas festas patronais os mozos bailan unha danza interesante e antiquísima ao son do tambor e o chipro (frouta de tres furados).

Dende Guimara podemos achegarnos ata a Braña do Cuadro (se levamos merenda e imos con tempo de vagar mellor), collendo unha pista de terra, á man esquerda, en bo estado).

Para volver temos dúas opcións: con un turismo é mellor volver polo mesmo camiño, por Fabero; Se temos un todo terreo podemos continuar pola pista que segue subindo despois da braña do Cuadro, pasamos polo Alto do Marco e saímos a Suertes e dende alí a Candin.

Tamén hai outra pista que une este val cos concellos asturianos de Ibias e Degaña, que parte da Braña do Cuadro e vai dar a Tormaleo. Dende Tormaleo hai pista de terra ata Balouta, pero mellor preguntar antes como están os accesos, informarse ben do camiño e levar o depósito cheo.

. Piornedo - Ponferrada - As Médulas – Peñalba de Santiago - Ponferrada - Piornedo

No fondo do lugar torcer á dereita, pasamos por Suarbol, polo Porto e polo Val de Ancares, por Vega de Espinareda (coas paradas que consideremos) e encamiñámonos cara a Ponferrada.

Convén pedir información na oficina de turismo sobre as rutas e tamén sobre os sitios típicos de Ponferrada, nos que comer, tomar unhas tapas ou pasear.

Aproveitamos a mañá para ir ás Médulas (antigas minas de ouro explotadas polos Romanos mediante a destrución das montañas e ladeiras e o coado do ouro) e pola tarde ao val do Silencio e a Peñalba de Santiago.

A volta farémola polo mesmo camiño porque o percorrido xa se fai bastante longo. Outra posibilidade é facer estas dúas excursións en dous días diferentes, con mais calma.